

LUNA

Pablo Casanueva, 2024

1794

ESTREA EN NUMAX: 15.07.2026 | V.O.S.E. | 76 min

O director asturiano Pablo Casanueva leva a cabo un proceso de investigación na memoria da súa familia que foi case exterminada durante a Guerra Civil e o franquismo, atopando a súa historia "nas fronteiras, os campos e as cadeas".

O pase contará con presentación e coloquio a cargo do director.



Entrevista con Pablo Casanueva: «É impactante que che conten que un familiar teu foi asasinado por motivos políticos»

Por Arantza Margolles

Luna xorde dun primeiro recordo: túa nai contando, con naturalidade e distanciamento pero tamén con nostalgia, o fusilamento do seu tío-avó Ramón. Como vive un rapaz mozo esta transmisión interxeracional? É impactante, moi impactante que che conten que un familiar teu, por moi afastado que sexa ou aínda que nunca o coñeceses, foi asasinado por motivos políticos. A min espertoume varias preguntas: Por que o fusilaron? Cales eran as razóns? En que contexto? Onde estaba? Como era? Foi o detonante para desenvolver unha investigación máis profunda e poder responder a esas preguntas que xa me xurdiran de crío. Na miña casa, a política sempre estivo presente cunha visión crítica da realidade, dun xeito ou outro. Este feito acentuaba unha conexión co pasado, cos meus familiares que tamén tiveron un posicionamento político, e iso fíxome pensar. E despois comprobéi que así era, que tamén tiñan esa mirada crítica ao tempo no que vivían.

A primeira fase da investigación, se cadra de maneira aínda inconsciente, foi achegarte ao retrato dos Luna, que tamén se mostran no filme... Si, é certo. Eu non era consciente de que o que estaba a facer podía converter nun filme até ben iniciado o proceso de investigación. E os retratos foron, despois do testemuño oral do fusilamento de Ramón, a porta de entrada. Grazas a eles empecei a poñer rostro a algúns dos personaxes e sobre todo a tratar de buscar identidades que non coñecía. Había moitos retatos no arquivo que a miña avoa e a miña nai conservaran e que, aínda que eu non sabía de quen eran, o feito de que estivesen nun álbum quería dicir que foran importantes. A investigación avanzou poñendo nome e identidade a esa xente. Por outra parte a análise física das fotos, o seu reverso, marcas e formatos leváronme a unha análise baseada nas metodoloxías artísticas que me permitiron chegar a outro tipo de datos. Pero sempre partindo dese álbum familiar.

Falas na presentación da película, do fío familiar que te conectou con eses retratos. Cres que será posible que os espectadores tamén poidan sentir esa conexión? Si, eu creo que a conexión pode darse no espectador tamén, porque conto a historia a través dun proceso de investigación; é, entón, un descubrimento que me acompaña a min e, dalgún xeito, non vou por diante do espectador á hora de entender o percorrido dos meus familiares, senón que parto á par del. Tamén tentei acadar certa distancia emocional para facilitar esa empatía. Se a historia fora, quizá, demasiado intimista... que hai momentos que si o é, pero no xeral quixen ser distante para facilitar o entendemento, que non fose un retrato excesivamente autorreferencial.

Despois seguiches a investigar noutros arquivos... O groso da documentación política foi a que atopei no Arquivo Municipal de Ribeseya e xa despois no Arquivo Provincial de Asturias, no Militar do Ferrol, en Salamanca, nos de varios departamentos de Francia... Aí comprobéi o posicionamento político desta xente, que estaban afiliados a partidos e sindicatos que defenderon o goberno lexítimo da República. E foi duro, moi duro, porque os documentos estaban redactados polo réxime, pola ditadura. Por exemplo, nos arquivos de Ribeseya a miña bisavoa, María Luna, aparece como “marxista axitadora”. Fíxome ilusión [risas]. Todo iso deume pistas para buscar os lugares onde estiveron: os campos de concentración, o fronte, lugares de refuxio, de exilio, de traballo e de vida.